

**ACTA DE DO TRIBUNAL CUALIFICADOR – CONFECCIÓN DA LISTAXE COS  
RESULTADOS DEFINITIVOS DA CUALIFICACIÓN FINAL DO PROCESO SELECTIVO E  
PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA  
PRODUCCIÓN DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO DEPARTAMENTO DE  
SERVIZOS SOCIAIS**

No Salón de Plenos do Concello de Meis, sendo as 08:30 horas do día 7 de abril de 2025, reúnen-se os membros do tribunal cualificador do proceso de selección para a provisión, mediante concurso-oposición, dun posto de auxiliar administrativo, e para a formación dunha listaxe de reserva na mesma categoría, a contratar por circunstancias da produción dadas as circunstancias ocasionais e imprevisibles que xurdiron no departamento de Servizos Sociais, en aplicación das bases reitoras da convocatoria, aprobadas mediante Resolución da Alcaldía número 2025-0052, de data 07 de febreiro de 2025, cuxa convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 34, do mércores 19 de febreiro de 2025.

Estando presentes:

- Presidenta: Dña. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegua Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis.
- Vogal: Dña. Ana Rosa Vázquez Pérez, Traballadora social do Concello de Meis.
- Vogal: D. José Manuel Blanco Sanmartín, funcionario administrativo C1 do Concello de Meis.
- Vogal: D. Ramón Fariña Barral, funcionario auxiliar administrativo C2 do Concello de Meis.

A Sra. Presidenta declara constituído o Tribunal e aberto o acto, indícase que desde o Rexistro do Concello de Meis non se remite ningunha alegación ou reclamación á listaxe cos resultados provisionais da cualificación final do proceso selectivo publicada no Taboleiro de anuncios da sede electrónica o día 2 de abril de 2025.

Polo que o Tribunal de Selección procede a elevar as cualificacións provisionais a definitivas de conformidade co disposto na Base Decimo Primeira do proceso de selección. En virtude do resultado do proceso selectivo, o Tribunal ACORDA, por unanimidade:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación definitiva de aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuación:

| APELIDOS E NOME            | DNI       | FASE OPOSICIÓN | FASE CONCURSO | TOTAL PUNTOS |
|----------------------------|-----------|----------------|---------------|--------------|
| NESPEREIRA VENTOSELA LAURA | ***5190** | 45,50          | 7,40          | 52,90        |
| SOUTO SOUTO MARÍA JOSEFA   | ***6722** | 40,50          | 7,40          | 47,90        |
| MARTÍNEZ RIVAS SANDRA      | ***6676** | 37,50          | 7,55          | 45,05        |
| SÁNCHEZ SILVA MARÍA LUZ    | ***7323** | 41,50          | 0,50          | 42,00        |



|                                |           |       |      |       |
|--------------------------------|-----------|-------|------|-------|
| BERSANINO MARTÍNEZ<br>CAROLINA | ***6266** | 37,50 | 1,95 | 39,45 |
| ROMERO FERREIRÓS MANUEL        | ***3278** | 36,50 | 0,00 | 36,50 |

**SEGUNDO.-** Propoñer á Alcaldía, de conformidade co disposto na base Décimo Primeira das bases que rexen a convocatoria, para o seu nomeamento como persoal laboral temporal, de NESPEREIRA VENTOSELA LAURA, con DNI \*\*\*5190\*\*, candidata que obtivo o primeiro posto do proceso selectivo convocado para a provisión por circunstancias da produción dadas as circunstancias ocasionais e imprevisibles que xurdiron no departamento de Servizos Sociais dun/ha auxiliar administrativo/a, mediante un procedemento de concurso-oposición e aprobación da lista de reserva.

**TERCEIRO.-** Tal e como establece a Base Décimo Segunda das bases que rexen a convocatoria, a persoa seleccionada deberá achegar **no prazo de dous (2) días hábiles a seguinte documentación:**

- Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.
- Certificado de conta bancaria.
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio da función.

Notificaráselle o/a interesado/a para que subscriba o seu contrato laboral no prazo de cinco días hábiles, contado dende o día seguinte á notificación do nomeamento.

Quen non o subscriba sen causa xustificada será declarado/a en situación de cesante e consecuentemente decaerá no seu dereito a acceder ao posto de traballo por falta de materialización do seu dereito a ser contratado/a no prazo outorgado para o efecto, podendo procederse polo órgano municipal competente ao nomeamento e conseguinte contratación do seguinte aspirante con maior puntuación obtida no proceso selectivo.

No contrato farase constar a manifestación da persoa interesada de non estar desempeñando ningún posto ou actividade no sector público, e que non realiza actividade privada remunerada, así como non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro ou orfandade por dereitos pasivos de calquera réxime da Seguridade Social público e obrigatorio.

No suposto de ter a condición de funcionario/a público/a ou persoal laboral de outras Administracións Públicas, deberá acreditar a declaración da situación administrativa que proceda, de xeito tal que non se incorra en supostos de incompatibilidade, e aos efectos de garantir a correcta toma de posesión e conseguinte ingreso no emprego público.

**CUARTO.-** Publicar a presente acta no taboleiro da anuncios da Sede electrónica do concello [<http://meis.sedelectronica.gal>] e na páxina web do Concello: [www.meis.gal](http://www.meis.gal).

*Contra o presente acordo, que non pon fin á vía administrativa, os interesados/as poderán interpoñer recurso de alzada ante o órgano superior xerárquico, alcaldesa-presidenta da Corporación, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente proposta do tribunal cualificador no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis, conforme ao disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*





CONCELLO  
DE  
**MEIS**

Sendo as 09:00 horas dáse por rematada a sesión. E para que así conste, e aos efectos oportunos, expídese a presente acta, asinándoa electrónicamente todos os presentes en proba de conformidade.

